

## Xa cantou o cuco

Escrito por Antonio Valverde  
Venres, 12 Xuño 2015 19:27

---



Si, xa se oíu o canto do cuco e iso quere dicir nestas bisbarras que acabou a tempada na que a lamprea, ese estraño e prehistórico peixe, sobe polos ríos galegos para asentar neles o desove do que nacerán as crías que despois dunha longa viaxe polos mares oceánicos atlánticos volverán ao mesmo lugar cerrando o seu ciclo vital, xa deixou de estar no seu máis alto punto da exquisitez gabada polos “gourmet” e xentes das ribeiras do Tambre, do Ulla, do Miño,.. cociñadas de moitos xeitos, prevalecendo a guisada á “bordalesa”.

[1] Tamén a finais do inverno, cando as grandes garzas azuis volven aos ríos da costa do estado de California no océano Pacífico, este outro paxaro anúncialle aos indios yurok que viven nas ribeiras do río Klamath a chegada dun peixe, parecido ás serpes, e é especie que data de séculos, que son na realidade as lampreas do Pacífico, e son a base da súa alimentación e moi gabadas pola súa exquisitez. Varía moito o xeito e as artes da pesca. Pescan na desembocadura do río aproveitando a marea baixa e cando o peixe cabalga na onda para subir ao río para desovar, antes de romper a onda lánzanse cara a el cravándolle un gancho con que o sacan da auga e voltean con forza por riba da cachola para que non se escorregue e escape.

## Xa cantou o cuco

Escrito por Antonio Valverde  
Venres, 12 Xuño 2015 19:27

---



Estos ganchos decóranos como amuletos que lle acedan as mellores pescas



[Fundación Benetton - Benetton Group SpA - Via Venezia 1, 37139 Vicenza, Italy](#)